PASEO FLUVIAL RÍO PONTIÑAS

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2020



Distancia: 10 km
Dificultade: baixa



Podemos achegarnos a Lalín por varias razóns, sobradamente coñecidas son as gastronómicas, pero desta volta facémolo para percorrer un dos seus trazados máis antigos e mellor acondicionados, próximo á vila e bastante concorrido, utilizado como paseo, como área de lecer, como espazo no que queimar algunhas calorías, para a práctica do deporte e, en máis dun caso, como lugar no que atender e cumprir con prescripcións facultativas; falamos do Paseo Fluvial do Río Pontiñas ou das Pontiñas (coidamos que o nome ven dado polo gran número de pontes, pontellas e pasarelas que construíron ao longo do percorrido) que nos mapas aparece como **rego das Cabirtas**; e consideramos esta unha boa época para coñecelo porque as plantas xa senten a chamada da primavera, e atopamos moitas herbas florecidas e as árbores cos abrochos a rebentar, que lle suman cor e diversidade ao percorrido e contribúen a facelo máis variado e atractivo.

PERCORRIDO

O camiño completo, ida e volta, está preto dos 10 km pero é de bo levar porque todo el discorre por un trazado de firme ben coidado e suave pendente, cara abaixo cando acompañamos ao río, e cara arriba cando remontamos a corrente.

No traxecto podemos distinguir dúas partes: a primeira, que vai desde onde o río rexurde do seu "agochamento" forzoso ata a ponte da estrada, un espazo urbano e urbanizado co rego desnaturalizado, emparedado e encorado para facer máis aparente o seu tamaño e o seu caudal, despexado de case toda a vexetación propia e plantado con especies de xardín; un espazo acondicionado para o lecer ao que dan as traseiras dos edificios, algunhas construcións tradicionais e as súas hortas, engulidas polo desenvolvemento do espazo urbano, e a área administrativa actual (xulgados e concello). A segunda parte, da ponte da estrada para abaixo, introdúcenos nun espazo rural agro-gandeiro, con amplas praderías nas que loce o verde e nas que pacen ou descansan vacas e ovellas, polo que corre un rego case natural con tramos un pouco espidos de máis por exceso de limpeza e pola corta abusiva das especies da súa beira, substituídas nalgúns puntos por especies alleas ornamentais. Un rego que nas partes de máis pendente acolle varios muíños, en diferentes estados de conservación, e ao longo da canle algúns ameneiros destacables e carballos de bo porte nas proximidades. Neste segundo tramo polo que tamén discorre o camiño de Santiago hai unha saída á carballeira da Crespa, unha mancha de carballos con moitos exemplares de avanzada idade. O traxecto tamén fai parte da ruta dos Pazos que comeza en Lalín, pasa por varios edificios notables da contorna e remata na ponte medieval de Taboada (uns 14 km lineais).

O percorrido inclúe a volta ao lago-encoro que se atopa ao final do traxecto, case colmatado, no que medran salgueiros e espadanas e onde habitualmente podemos atopar algunhas aves acuáticas.

Muíño

O río no espazo urbano

Unha das numerosas pontes do traxecto

Muíño e ameneiros

Prados á beira do río

Carballeira

Braña

O río no tramo final da ruta.

Lago-encoro